



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

INTRODUCCIÓN:

OBXECTIVOS DO GRAO SUPERIOR

(artigo 6 do Decreto 183/2001, do 19 de xullo, D.O.G. do 13 de agosto de 2001)
As ensinanzas de música conducentes á obtención do título superior de música, deberán proporcionar **unha formación práctica, teórica, e metodolóxica a través da profundización nas materias**, que conforman a especialidade elixida , co fin de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, nos ámbitos relativos a **creación, á interpretación á investigación e á docencia**

CONTIDOS DE GRAO SUPERIOR PARA SAXOFÓN

Perfeccionamento das capacidades artística, musical e técnica, que permitan abordar a interpretación do **repertorio máis representativo do instrumento e da súa familia**.
Coñecemento dos **criterios interpretativos** aplicables a este repertorio, de acordo coa súa **evolución estilística**.

CURSO 1º

OBXECTIVOS

- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar aspectos técnicos e expresivos relacionados coa calidade sonora especialmente a afinación e as dinámicas en tódolos rexistros do instrumento incluído o sobreagudo.
- Coñecer as técnicas e efectos máis comúns que empregan os saxofóns dentro dunha estética contemporánea.
- Aplicar a análise no estudo técnico i expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.
- Interpretar con soltura e flexibilidade textos musicais que inclúan o rexistro sobragudo.
- Interpretar obras e estudos de diferentes estilos, en público con fidelidade ao texto e coherencia estilística, con especial atención a utilización do vibrato, articulacións e ao fraseo.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Interpretar obras e/ou estudos contemporáneos de dificultade adecuada ao nivel con respecto ao texto e coñecemento da linguaxe utilizada.
- Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, capacidade de superación e rentabilidade.
- Conseguir unha lectura a vista fluída que nos permita axilizar e rentabilizar o traballo en outras materias como orquestra, música de cámara...
- Utilizar a improvisación a sólo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, da concentración, memoria auditiva, motriz e formal.
- Coñecer os diferentes instrumentos da familia de saxofóns comezando polo cuarteto clásico de saxofóns.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

CONTIDOS:

- A familia de saxofóns. Repertorio, posibilidade e características sonoras de cada saxofón
- Estudo de escalas maiores e menores cos respectivos arpexios, con armónicos ata o re# sobreagudo.
- Interrelación entre afinación e dinámicas. Homoxeneidade entre rexistros.
- Iniciación á utilización da respiración circular.
- Análise da frase musical. Coñecemento da linguaxe utilizada nos estudos e obras propostos. Recursos máis comúns dentro de textos musicais contemporáneos: efectos máis comúns en obras e estudos contemporáneos
- Rexistro sobragado dentro do discurso musical.
- Práctica da lectura á vista
- Adestramento progresivo da memoria.
- Práctica do dobre picado.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de interprete como de ointe.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA:

Novos estudos variados	J.M. Londeix	A. Leduc
28 Estudos-caprichos	A. Ventas	
Suites	J.S. Bach	
Concerto	A. Glazounov	A. Leduc
Suite	J. Duran	Arte tripharia
Concerto	P.M. Dubois	A. Leduc
Legende	F. Schmith	Durand
Balada	F. Martin	Universal
Horoscope	M.H. Fournier	E.M. Combre
Duduk I	G. Erkoreka	O. U. Press
Saxotaure	C. Eloy	E.M. Combre
Pezzo per Claudio	J.L. Campana	H. Lemoine

TEMPORALIZACIÓN:

1º CUATRIMESTRE:

- Cinco estudos de Londeix elixidos polo alunmado
- Dúas obras das presentadas no curso ou de similar dificultade (a elección do profesor).
- Un dos estudos ou obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos e terceiras con un armónico, en diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=96

2º CUATRIMESTRE:

- Cinco estudos de Londeix elixidos polo alunmado
- Dúas obras das presentadas no curso ou de similar dificultade (a elección do profesor).
- Un dos estudos ou obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con un armónico en diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=104

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

O alumnado de 1º curso de grao superior deberá interpretar como mínimo ao longo do curso 10 estudos de Londeix e catro obras, ademais das escalas e exercicios propostos polos profesores.

Os criterios de avaliación que determinan en que medida foron acadados os obxectivos son:

- Demostrar un control da afinación, dinámicas e articulacións sobre tódolos rexistros
- Coñecer as técnicas e efectos máis comúns que empregan os saxofóns dentro dunha estética contemporánea.
- Recoñecer elementos formais que nos den unha maior fiabilidade na interpretación.
- Demostrar rentabilidade no estudo do instrumento.
- Incluir con flexibilidade o rexistro sobreagudo no discurso musical
- Interpretar catro obras de diferentes estilos e 10 estudos de Londeix con fidelidade ao texto e coherencia estilística.
- Actuar en público con dominio da memoria, nivel técnico e expresivo segundo as obras presentadas e interese artístico da audición.

PROBAS DE AVALIACIÓN:

En cada cuatrimestre realizaranse as seguintes probas:

- **Técnica.** Execución de escalas e os seus respectivos arpexios en distintas combinacións e articulacións a petición do profesorado segundo o programado no cuatrimestre.
- **Interpretación.** Elección de programa: 1 estudo entre 5 estudos e 1 obra entre dúas obras: o alumnado deberá presentar aos profesores o programa unha semana antes da súa interpretación.
- **Audición:** Interpretación a lo menos dunha obra en público.

CALIFICACIÓN: Técnica: 20%
Interpretación: 30%
Audición: 50%

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

CURSO 2º

OBXECTIVOS

- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar a calidade sonora, afinación e as dinámicas en tódolos rexistros incluído o sobreagudo, en distintas combinacións e articulacións.
- Utilizar a respiración circular en textos musicais que esixan desta técnica.
- Interpretar obras e estudos de diferentes estilos, con fidelidade ao texto e coherencia estilística, con especial atención a utilización do vibrato, articulacións e fraseo.
- Interpretar con soltura e flexibilidade textos musicais que inclúan o rexistro sobreagudo
- Interpretar obras e/ou estudos contemporáneos de dificultade adecuada ao nivel con respecto ao texto e coñecemento da linguaxe utilizada.
- Aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.
- Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, capacidade de superación e rentabilidade.
- Conseguir unha lectura a vista fluída que nos permita axilizar e rentabilizar o traballo en outras materias como orquestra, música de cámara...
- Utilizar a improvisación a sólo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, da concentración, memoria auditiva, motriz e formal.
- Interpretar obras e estudos para saxofóns en mib e sib
- Actuar en público con autocontrol, capacidade comunicativa, normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos e interese pola posta en escea, tanto en calidade de interprete como de oínte

CONTIDOS:

- A familia de saxofóns. Repertorio, posibilidade e características sonoras de cada saxofón

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Etudo de escalas maiores e menores cos respectivos arpexios, con armónicos ata o re# sobreagudo.
- Diferentes combinacións e articulacións no rexistro sobreagudo
- Profundización no estudo da afinación e dinámicas, distintas combinacións e articulacións no rexistro sobreagudo
- Práctica da respiración circular no legato.
- Análise da frase musical. Coñecemento da linguaxe utilizada nos estudos e obras propostos. Recursos sonoros dentro de textos musicais contemporáneos
- Rexistro sobragudo dentro do discurso musical.
- Práctica da lectura á vista
- Adestramento progresivo da memoria.
- Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de interprete como de ointe.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA:

Novos estudos variados	J.M. Londeix	A.Leduc
28 estudos	G. Lacour	G. Billaudot
Estudos (1º cuaderno)	C. Lauba	A. Leduc
Rapsodia bretona	R. Barriller	A. Leduc
Concertino de cámara	J. Ibert	A. Leduc
Concertino	P. Harvey	Mau
Rapsodia	C. Debussy	H. Lemoine
Preludio Cadencia y final	A. Desenclos	A. Leduc
Fantasía op. 630	H. Villalobos	Southern
Yidaki	G. Erkkoreka	(sin editar)

TEMPORALIZACIÓN:

1º CUATRIMESTRE:

- Catro estudos de Londeix elixidos polo alumnado
- Dúas obras das presentadas no curso ou de similar dificultade ou unha obra e un estudo de Lauba (a elección do profesor).
- Un dos estudos ou obras deberá interpretarse de memoria.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos e terceiras con un armónico, en diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=108

2º CUATRIMESTRE:

- Catro estudos de Londeix elixidos polo alunmado
- Dúas obras das presentadas no curso ou de similar dificultade, ou un estudo de Lauba e unha obra (a elección do profesor).
- Un dos estudos ou obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con un armónico en diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=120

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

O alumnado de 2º curso de grao superior deberá interpretar ao longo do curso 10 estudos (oito de Londeix e dous de Lauba) e catro obras, ademais das escalas e exercicios propostos polos profesores.

Os criterios de avaliación que determinan en que medida foron acadados os obxectivos son:

- Demostrar un control da afinación, dinámicas e articulacións sobre tódolos rexistros
- Coñecer as técnicas e efectos máis comúns que empregan os saxofóns dentro dunha estética contemporánea.
- Utilizar a respiración circular en textos en legato.
- Recoñecer elementos formais que nos den unha maior fiabilidade na interpretación
- Incluir con flexibilidade o rexistro sobreagudo no discurso musical
- Interpretar catro obras de diferentes estilos e 10 (oito de Londeix e dous de Lauba) con fidelidade ao texto e coherencia estilística
- Actuar en público con dominio da memoria, nivel técnico e expresivo segundo as obras presentadas e interese artístico da audición

PROBAS DE AVALIACIÓN: En cada cuatrimestre realizaranse as seguintes probas:

- **Técnica.** Execución de escalas e os seus respectivos arpexios en distintas combinacións e articulacións a petición do profesorado segundo o programado no cuatrimestre.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- **Interpretación.** Elección de programa: 1 estudo entre 4 estudos de Londeix, 1 estudo de Lauba e 1 obra entre dúas obras: o alumnado deberá presentar aos profesores o program unha semana antes da súa interpretación.
- **Audición:** Interpretación a lo menos dunha obra ou estudo de Lauba en público.

CALIFICACIÓN: Técnica: 20%
Interpretación: 30%
Audición: 50%

CURSO 3º

OBXECTIVOS

- Adquirir a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar a calidade sonora, afinación e as dinámicas en tódolos rexistros incluído o sobreagudo, en distintas combinacións e articulacións.
- Interpretar con soltura e flexibilidade textos musicais que inclúan o rexistro sobragudo, e distintos efectos utilizados polos saxofóns dentro de textos musicais dunha estética contemporánea, con coherencia do discurso musical.
- Utilizar a respiración circular en textos musicais que esixan desta técnica.
- Interpretar obras e estudos de diferentes estilos, con fidelidade ao texto e coherencia estilística, de memoria, con especial atención a utilización do vibrato, articulacións e ao fraseo
- Aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.
- Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, capacidade de superación e rentabilidade.
- Conseguir unha lectura a vista fluída que nos permita axilizar e rentabilizar o traballo en outras materias como orquestra, música de cámara...
- Utilizar a improvisación a sólo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, da concentración, memoria auditiva, motriz e formal.
- Desenvolver a memoria musical e a concentración necesaria para a interpretación en público de obras e/ou estudos de concerto.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Interpretar obras e estudos de diferentes estilos, con fidelidade ao texto e coherencia estilística, de memoria.
- Interpretar obras e/ou estudos contemporáneos de dificultade adecuada ao nivel con respecto ao texto e coñecemento da linguaxe utilizada.
- Mostrar sentido autocrítico que permita profundizar na técnica, e interpretación de obras para adquirir un repertorio de un maior interese artístico.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas do repertorio para saxofóns que permita formar ao alumnado un criterio a hora de interpretar os distintos textos da literatura do instrumento, con especial atención ao repertorio contemporáneo.
- Interpretar obras e/ou estudos para saxofóns en mib e sib indistintamente durante o curso
- Coñecer e interpretar obras para saxofóns e electrónica de acordo ao nivel.
- Actuar en público con autocontrol, capacidade comunicativa, normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos e interese pola posta en escea, tanto en calidade de interprete como de ointe
- Mostrar interese por diferentes manifestacións artísticas, especialmente aquelas nas que se producen estreos de obras, para despertar o espírito crítico do alumnado.

CONTIDOS:

- A familia de saxofóns. Repertorio, posibilidade e características sonoras de cada saxofón
- Estudo de escalas maiores e menores cos respectivos arpexios, con armónicos ata o fa# sobreagudo.
- Profundización no estudo da afinación e dinámicas, distintas combinacións e articulacións en tódolos rexistros.
- Profundización no estudo da respiración circular no legato.
- Análise da frase musical. Coñecemento da linguaxe utilizada nos estudos e obras propostos. Recursos sonoros dentro de textos musicais contemporáneos.
- Estudo dos instrumentos da familia de saxofóns



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Práctica da lectura á vista
- Estudo de obras con electrónica
- Adestramento progresivo da memoria e concentración na actuación en público
- Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de interprete como de ointe. Preparación do concerto ou audición

TEMPORALIZACIÓN:

1º CUATRIMESTRE:

- Dous estudos de Paganini elixidos polo alunmado
- Un estudo de C. Lauba
- Tres obras das presentadas no curso ou de similar dificultade (a elección do profesor). Unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos e terceiras con un armónico, en diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=108

2º CUATRIMESTRE:

- Dous estudos de Paganini elixidos polo alunmado
- Un estudo de C. Lauba
- Tres obras das presentadas no curso ou de similar dificultade (a elección do profesor). Unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con un armónico en diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=120

METODOLOXÍA ESPECÍFICA:

24 caprichos op. 1 (violín)	N.Paganini	H.Lemoine
Estudos (cuaderno 1º e 2º)	C. Lauba	A. Leduc
Sonata	J. Rueff	A. Leduc
Brillance	I. Gotkovsky	A. Leduc
Tres piezas	G.Scelsi	Salabert
Maknongan	G.Scelsi	Salabert
Episodie Quatrieme	B. Jolas	A. Leduc
Solo	M. Sotelo	E. M. Europeénes
5 Musas	M.H. Fournier	Artefact

- CALQUERA DAS OBRAS CLÁSICAS PARA SAXOFÓNS DE MEMORIA

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

O alumnado de 3º curso de grao superior deberá interpretar como mínimo ao longo do curso 6 estudos (catro de Paganini e dous de Lauba) e 6 obras, ademais das escalas e exercicios propostos polos profesores.

Os criterios de avaliación que determinan en que medida foron acadados os obxectivos son:

- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria paea perfeccionar a calidade sonora, a corrección da afinación e o equilibrio dinámico en tódolos rexistros
- Interpretar con flexibilidade textos musicais que inclúan o rexistro sobragudo en distintas combinacións e articulacións.
- Interpretar obras e/ou estudos con control da respiración circular i os distintos efectos dentro dunha estética contemporánea con fidelidade ao texto e coherencia do discurso musical
- Interpretar obras i estudos de diferentes estilos, en público de memoria con coherencia estilística e capacidade comunicativa.
- Demostrar coñecemento da análise e comprensión dos textos musicais interpretados
- Demostrar o sentido autocrítico necesario para profundizar no estudo e interpretación do instrumento

PROBAS DE AVALIACIÓN: En cada cuatrimestre realizaranse as seguintes probas:

- **Técnica.** Execución de escalas e os seus respectivos arpechos en distintas combinacións e articulacións a petición do profesorado segundo o programado no cuatrimestre.
- **Interpretación.** Elección de programa: 1 estudo entre 2 estudos de Paganini, 1 estudo de Lauba e 1 obra entre tres obras: o alumnado deberá presentar aos profesores o programa unha semana antes da súa interpretación.
- **Audición:** Interpretación lo menos dunha obra ou estudo de Lauba en público.

CALIFICACIÓN: Técnica: 20%
Interpretación: 30%
Audición: 50%

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

CURSO 4º

OBXECTIVOS

- Adquirir un control de tódolos parámetros do son e aspectos que definen a calidade sonora en tódolos rexistros, nos distintos instrumentos da familia de saxofóns
- Mostrar sentido autocrítico que permita profundizar na técnica, e interpetación de obras para adquirir un repertorio de maior interese artístico.
- Mostrar interese por diferentes manifestacións artísticas, especialmente aquelas nas que se producen estreos de obras, para despertar o espírito crítico do alumnado.
- Interpretar obras representativas de distintos estilos do repertorio para saxofóns, en público, de memoria, con coherencia técnica i expresiva, capacidade comunicativa e interese artístico.
- Interpretar obras e estudos representativos do repertorio contemporáneo para saxofóns en distintas combinacións e recursos instrumentais: saxofón só, saxofóns e electrónica, saxofóns e audiovisuais...
- Utilizar indistintamente a familia de saxofóns, con especial atención ao cuarteto de saxofóns: soprano, alto, tenor e barítono
- Coñecer as diversas convencións interpretativas do repertorio para saxofóns que permita interpretar ao alumnado con criterio propio distintos textos da literatura do instrumento, con especial atención ao repertorio contemporáneo.
- Conseguir unha lectura á vista fluída para poder interpretar nas distintas agrupacións propostas con saxofóns
- Improvisar a sólo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, concentración, memoria auditiva, motriz, visual e formal.
- Actuar en público con autocontrol, capacidade comunicativa, normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos e interese pola posta en escea segundo a estética da música interpretada
- Mostrar interese pola interpretación no propio centro así como fóra deste para transmitir o goce da música.

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

CONTIDOS:

- A familia de saxofóns. Repertorio, posibilidades e características sonoras de cada saxofón
- Estudo de escalas maiores e menores cos respectivos arpexios, con armónicos ata o fa# sobreagudo.
- Profundización no estudo da afinación e dinámicas, distintas combinacións e articulacións no rexistro sobreagudo
- Profundización no estudo da respiración circular no legato.
- Análise da frase musical. Coñecemento da linguaxe utilizada en estudos e obras propostos. Recursos sonoros dentro de textos musicais contemporáneos
- Estudo dos instrumentos da familia de saxofóns
- Práctica da lectura á vista
- Estudo de obras con electrónica
- Adestramento progresivo da memoria e concentración na actuación en público
- Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de interprete como de ointe.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA:

Estudios	N. Paganini	A. Leduc
Estudios Cuadernos (1,2,3,4)	C. Lauba	A. Leduc
Sonate	E. Denisov	A. Leduc
Concertante	M. Constant	Ricordi
Variaciones patéticas	I. Gotkovsky	A. Leduc
Concerto	I. Gotkovsky	A. Leduc
Le frene egare	F. Rosse	Billaudot
Chant Premier	M. Mihalovici	Heugel
Sequenza IXb	L. Berio	Universal
Sequenza VIIb	L. Berio	Universal
Opcit	Ph. Hurel	Billaudot
Hard	C. Lauba	Fuzeau
In freundschat	K. Stokhausen	Stokhausen
Ost-atem	F. Rosse	Adr



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- CALQUERA DAS OBRAS CLÁSICAS PARA SAXOFÓNS DE MEMORIA

TEMPORALIZACIÓN:

1º CUATRIMESTRE:

- Dous estudos de Paganini elixidos polo alunmado
- Un estudo de Lauba elixido polo profesor
- Tres obras das presentadas no curso ,ou de similar dificultade a elección do profesor.
- Unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=120.

2º CUATRIMESTRE:

- Dous estudos de Paganini elixidos polo alunmado
- Un estudo de Lauba elixido polo profesor
- Tres obras das presentadas no curso ou de similar dificultade (a elección do profesor).
- Unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor en velocidade mínima de negra=132.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

O alumnado de 4º curso de grao superior deberá interpretar como mínimo ao longo do curso 6 estudos (catro de Paganini ee dous de Lauba) e 6 obras, ademaís das escalas e exercicios propostos polos profesores.

Os criterios de avaliación que determinan en que medida foron acadados os obxectivos son:

- Demostrar un control de tódolos parámetros do son e aspectos que definen a calidade sonora en tódolos rexistros, nos distintos instrumentos da familia de saxofóns
- Mostrar un dominio da técnica e da expresión nas obras i estudos interpretados.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Interpretar en público, de memoria, obras representativas de distintos estilos para saxofóns con coherencia técnica i expresiva capacidade comunicativa e interese artístico.
- Interpretar obras i estudos do repertorio contemporáneo, en público para saxofóns en distintas combinacións e recursos instrumentais con respecto ao texto e coherencia técnica i expresiva.
- Actuar en público con autocontrol dominio da memoria e axeitada posta en escea segundo a música interpretada.

PROBAS DE AVALIACIÓN: En cada cuatrimestre realizaranse as seguintes probas:

- **Técnica.** Execución de escalas e os seus respectivos arpexios en distintas combinacións e articulacións a petición do profesorado segundo o programado no cuatrimestre.
- **Interpretación.** Elección de programa: 1 estudo entre 2 estudos de Paganini, 1 estudo de Lauba e 1 obra entre tres obras: o alumnado deberá presentar aos profesores o programa unha semana antes da súa interpretación.
 - **Audición:** Interpretación dunha obra en público.

CALIFICACIÓN: Técnica: 20%
Interpretación: 30%
Audición: 50%

CONVOCATORIA DE SETEMBRO:

CURSOS 1º E 2º:

- Presentación de 10 estudos de Londeix dos que que interpretará dous a elección do profesor.
- Presentación de catro obras das programadas no curso correspondente das que interpretará a elección do profesor.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor según a velocidade proposta en cada curso.

CURSOS 3º E 4º:

- Presentación de 4 estudos de Paganini dos que que interpretará dous a elección do profesor.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: SAXOFÓN

- Presentación de 2 estudos de Lauba dos que que interpretará un a elección do profesor
- Presentación de seis obras das programadas no curso correspondente das que interpretará a elección do profesor.
- Escalas Maiores e menores cos respectivos arpexios en graos conxuntos, terceiras e cuartas con diferentes articulacións e deseños rítmicos propostos polo profesor según a velocidade proposta en cada curso.